



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: NORMAS DE USO DAS TARXETAS DE ACCESO Á BIBLIOTECA-AULA ESTUDO

EXPEDIENTE:

O Concello pon a disposición dos/as estudantes a aula de estudo do Centro Social de Maiores, situada no Cantón de San Roque.

Debido ao interese do Concello de facilitar un espazo para que os/as estudantes poidan estudar na época de exames o horario habitual desta instalación ampliarase.

O horario será 21:00 a 07:00 horas.

Ante esta situación e a falta de persoal propio do Concello para vixilancia e coidado das instalacións, é preciso establecer unha serie de medidas ou compromisos para as persoas usuarias ás que o Concello lles conceda as tarxetas.

Estas tarxetas para usuarios/as estarán a disposición da veciñanza de Betanzos, e se tramitarán cunha solicitude previa

Para isto deberán cumprir os seguintes compromisos:

1. Respetar as medidas de prevención fronte á Covid-19 indicadas polas autoridades e a lexislación vixente e adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos e propagación da enfermidade.
2. Coidar a instalación.
3. Ser cívico/a, ter presente que o local que utilizan é de todos e toda e, polo tanto, deben coidalo, e respectar o dereito das persoas que veñen detrás.
4. Utilizar a instalación para a finalidade solicitude.
5. Responsabilizarse dos danos que pola actividade causen no inmovible, mediante o pagamento ao Concello as reparacións que corresponden.
6. Deixar limpa a instalación despois de utilizala.
7. Non facer ruído que moleste a outras persoas usuarias e á veciñanza da zona.
8. Non consumir alcol nin comer nas instalacións.
9. Non consumir drogas.
10. Recoller e entregar as tarxetas de acceso á aula no Concello ou no lugar indicado.
11. A tarxeta de acceso é persoal e intransferible, cada persoa usuaria será responsable do uso desta, e poderá ser sancionado no caso de incumprimento.
12. En caso de perda ou deterioración da tarxeta, a persoa titular deberá aboarlle ao Concello os gastos de reposición dunha nova.
13. Atender os requirimentos que fagan as autoridades públicas ou corpos de seguridade, de xeito que poidan suspender ou limitar as condicións de uso da aula por motivos xustificadas.



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).